



CIRCULAR INFORMATIVA 8/2024

1. IMPLANTACIÓN E POSTA EN MARCHA DO NOVO PROGRAMA DE XESTIÓN COLEXIAL COLABO/COLABOWEB

O vindeiro 1 de xullo o ICA Santiago porá en funcionamento o novo programa de xestión colexial COLABO (ficha de colexiados/as e quenda de oficio). Tras varios meses de traballo para levar a cabo a exportación e o transvase de información dende o anterior programa (SIGA-CGAE), a partir do 1 de xullo o colexio empezará a xestionar as fichas colexiais e o relativo á quenda de oficio a través deste novo programa informático.

Esta aplicación informática permitirá que todos os colexiados e colexiadas poidan acceder a través da súa versión web, denominada COLABWEB, para realizar consultas sobre a súa ficha colexial ou sobre as súas actuacións e asistencias na quenda de oficio. Esta versión na rede estará dispoñible a mediados do mes de xullo.

A través desta aplicación os colexiados poderán descargar directamente certificados dos seus datos colexiais, modificalos e, como principal novidade, tamén poderán presentar as declaracións trimestrais da quenda de oficio.

COLABO é un programa de xestión desenvolto pola empresa informática galega Marka (Vigo), que conta con ampla experiencia no sector (xestionando o seu programa entre os colexios da avogacía galegos e dos colexios de procuradoría de toda España). O ICA Santiago utilizou unha versión anterior deste programa entre os anos 1995 e 2010.

Coa posta en marcha da aplicación COLABOWEB, o ICA Santiago ofrecerá unha formación dirixida aos colexiados e colexiadas na que se abordará, de maneira especial, todo o relacionado coa declaración das quendas a través da web.

2. PUBLICACIÓN DOS RELATORIOS DOS ÚLTIMOS CURSOS E XORNADAS

Informámosvos de que xa están dispoñibles na páxina web do Colexio os relatorios dos últimos cursos e xornadas:

- Obradoiro de Intelixencia Artificial: <https://www.icasantiago.org/oficina-virtual/relatorios-cursos/>
- Xornada sobre a nova Lei de costas de Galicia: <https://www.icasantiago.org/oficina-virtual/relatorios-cursos/>
- Xornada sobre o expediente xudicial electrónico (canal Youtube ICAS): [Canal de formación ICA Santiago](#)